

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026111	CRA de Narón	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	4º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Na área de Comunicación e Representación da Realidade traballaranse os elementos curriculares correspondentes a 4º de EI, que teñen como finalidade principal desenvolver aquelas capacidades que permitan aos nenos e nenas comunicarse e interpretar a realidade de xeito eficiente tanto entre iguais, adultos, grupos sociais en xeral, como dentro da súa contorna próxima. Debemos ter moi presente que formamos parte dun colexio rural agrupado e, como tal, desenvolveremos a nosa programación de xeito coordinado á vez que respondemos ás necesidades e características propias de cada escola e de cada grupo clase.

Para ir adquirindo estas competencias traballaremos as distintas formas de expresión e linguaxes que contribuirán á formación da súa identidade, así como do coñecemento dos demais e do mundo que os rodea.

A pesares do formato no que se presentan as unidades didácticas, que parecen formar unidades illadas na súa área correspondente, entendemos que o tratamento de toda programación en infantil ha de estar globalizada, relacionándose de forma conxunta as tres áreas do currículo mediante as propostas e proxectos de aula ou centro.

Dende o equipo de educación infantil do CRA se consensúan unha serie de temáticas xerais, deixando espazo ás diferentes realidades de cada aula, pero coa súa concreción curricular, para tomar de referente á hora de deseñar actividades, propostas e secuencias didácticas, sempre dando lugar ao protagonismo dos nenos, á aportación das familias e a profundización de contidos en función dos intereses dos nenos e nenas.

Non existe unha temporalización exacta para o desenvolvemento da programación, xa que dependerá da situación de cada escola, grupo aula e mestra/s. As unidades didácticas aparecen distribuídas de maneira que cada trimestre se traballarían dúas. Ao mesmo tempo, presentamos unha unidade a traballar de xeito transversal ao longo de todo o curso e outra que se traballará secuencialmente, como eixo motivador do que beben as demais para poder desenvolverlas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Remando xuntos	<p>Esta unidade trata a volta á escola ou ingreso do alumnado de nova incorporación. Supón un cambio importante para eles, polo que ,partiremos dun plan de acollida no que prime a estabilidade emocional, afectos, relacións sociais, dinámicas de grupos, actitudes como: colaboración, axuda, amizade, respecto, ademais da adquisición de: normas, rutinas e hábitos, fundamentais na escola para a súa dinámica diaria e as relacións entre membros dun grupo social. Polas peculiaridades do noso colexio, tentaremos que os nenos e nenas cheguen a ter sentimento de pertenza ao C.R.A.</p> <p>Polo que esta temática traballará de forma transversal , relacionando e completándoa coas unidades e proxectos programadas . Realizaremos actividades nas que coñezan compañeiros/as, titoras e especialistas, os espazos, instalacións e contorna, a nosa mascota Bubiña¿tamén realizaremos festas e saídas conxuntas, correspondencia, contos viaxeiros, cartas e tarxetas, agasallos¿) así como actividades internivelares</p>	30	X		
2	Eu son así	<p>Esta unidade céntrase no descubrimento, coñecemento e control do nosos corpo, tanto a nivel físico como afectivo-emocional. De forma que cheguen a ter unha imaxe positiva deles e favorezcan o seu crecemento e benestar. Evitando prexuícios e hábitos sexistas traballando na igualdade de xenero e a diversidade persoal. Teremos en conta as súas emocións e sentimentos, así como valores de respecto, tolerancia e igualdade.</p> <p>Poderemos plantexar nesta unidade, todo tipo de proxectos e propostas de aprendizaxe onde o alumno/a parta sempre do seu autoconñecemento, executando actividades de todo tipo relacionadas co corpo humán, adquirindo os coñecementos e vocabulario relacionado con esta temática: as súas función, singularidades, coñecemento e expresión de emocións. Ademais promoveremos actitudes e hábitos saudables (descanso, hixiene, alimentación, exercicio físico) éstos axudaranlle a aumentar a súa autonomía e medrar de forma san.</p>	35	X		
3	Arte miúda	<p>Nesta unidade acercaremos os nenos e nenas o mundo das artes e das diferentes</p>	30	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Arte miúda	<p>manifestacións artísticas, empregando todo tipo de linguaxes e formas de expresión para poder chegar a unha educación integral. Sendo unha forma de expresión do seu mundo interior e maneira de ver o mundo exterior que lle rodea.</p> <p>Trátase dunha unidade estimulante para os nenos e nenas desta idade, xa que poden desenrolar a súa creatividade e imaxinación, experimentando con materiais e técnicas suxerentes para eles. Propoñendo actividades onde prime o goce e disfrute.</p> <p>Ademais será un medio para acercarnos a diferentes manifestacións culturais, os autores e as súas obras e realizaremos visitas a museos, exposicións, representacións musicais.</p>	30	X		
4	A vida arredor do mar	<p>Esta unidade centrarémola na pertenza do alumnado a unha sociedade, identificándoos como persoas pertencentes a un grupo social.</p> <p>Os contidos estarán relacionados coa organización social, as relacións, manifestacións culturais tanto das sociedades actuais como históricas.</p> <p>Afondaremos na estruturación do tempo o que brinda oportunidades para facer comparacións dos cambios das persoas, traballos, lugares e de cómo foron cambiando ó longo dos distintos momentos históricos e as diferentes sociedades e culturas.</p> <p>As actividades desenvolveranse a través do xogo simbólico para percibir, comprender e interiorizar outras formas de vida na súa propia persoa. Realizaremos investigacións e obradoiros, visita a museos, participación familiar, minimundos; coas que afiancen as súas aprendizaxes de forma lúdica.</p> <p>Ademais de fomentar actitudes de respecto, tolerancia e comprensión dos costumes e diferenzas das sociedades e culturas. Entendendo que a interculturalidade é un aspecto moi enriquecedor</p>	35		X	
5	Mergúllate	<p>O contacto coa natureza é un dos pilares do noso C.R. A., pola nosa situación e os diferentes espazos das nosas escolas, permitíndonos achegarnos a ela dun xeito máis fácil e máis cercano.</p> <p>Así que poderemos traballar nesta categoría, proxectos relacionados co mundo vexetal e natural, sempre observando e descubrindo á natureza, traballando a través de talleres e propostas que favorezan o achegamento e disfrute dos distintos aspectos do mundo vexetal.</p>	30		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Mergúllate	A manipulación e experimentación activa por medio de todos os sentidos favorecerá a ampliación dos coñecementos do alumnado sobre este ámbito e potenciará a responsabilidade, respecto e sostibilidade en todos eles	30		X	
6	Quen vive aí?	Con esta unidade achegaremos o alumnado o mundo animal. Os animais son un dos elementos da contorna natural máis significativos e estimulantes para eles/as. @s nen@s amosan moita curiosidade por coñecer as principais características dos animais, especies, o seu hábitat, alimentación, o que nos permite, a súa vez, reflexionar sobre os beneficios que aportan á sociedade, asentar as bases do coidado e do respecto polos seres vivos, así como da importancia da sostibilidade para o futuro do planeta.	30			X
7	Mar aberto	En esta unidade, de carácter anual , uniranse dous grandes obxectivos: por unha banda o coñecemento da contorna máis próxima, a través do estudo e investigación dos diferentes elementos do mar atendendo a súa composición, actividades , flora e fauna e por outra banda, o coidado do medio marino e o respecto polo medio ambiente.	90	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Remando xuntos	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo en diferentes linguaxes	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)en diferentes linguas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Utiliza axeitadamente fórmulas de saúdo, petición e agradecemento	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa activamente nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Escoita e interpreta mensaxes sinxelas emitidas por outras persoas.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con interese a lectura de textos literarios breves	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as producións dos demais	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Expresar mensaxes sinxelas en diferentes linguaxes	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece e acepta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Ampliación do repertorio lingüístico individual.

Contidos

- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuizos e estereotipos sexistas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	Eu son así	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos musicais.	TI
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas ás producións dos demais	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Respecto cara ás producións alleas. - Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte miúda	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa interese ante representacións ou manifestacións artísticas.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Reacciona ante representacións ou manifestacións artísticas.	TI
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas explorando os distintos materiais con interese	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as producións dos demais.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Comprende mensaxes sinxelas en diferentes linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.- Respecto polas producións alleas.- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.- Respecto cara ás producións alleas.- Planificación da acción en producións plásticas.- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.- Uso do baile e da danza como medios de expresión.- Respecto cara ás producións alleas.

Contidos
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
4	A vida arredor dor mar	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as producións dos demais.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Comprende mensaxes sinxelas en diferentes linguaxes	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.

Contidos

- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
5	Mergúllate	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Comprende mensaxes sinxelas en diferentes linguaxes	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Respecto cara ás producións alleas. - Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
6	Quen vive aí?	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Comprende mensaxes sinxelas en diferentes linguaxes	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.

Contidos

- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
7	Mar aberto	90

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece algunha algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	TI
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega unha linguaxe respetuosa coas demais persoas e se inicia no uso das convencións sociais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Fai unha aportación persoal con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal grupal.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respetuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Comprende mensaxes sinxelas en diferentes linguaxes.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Memorización e recitado de textos literarios.

Contidos

- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como recollen as orientacións do currículo desta etapa, a metodoloxía que nos permite poñer en práctica esta programación, ha de ter en conta a globalidade e significatividade das aprendizaxes, evitando caer na segmentación das mesmas e permitindo ao alumnado adquirir unha visión integral do mundo que os rodea. Porén, aínda tendo en conta que ámbalas tres áreas curriculares non poden ser tratadas de xeito illado, facemos referencia aos aspectos metodolóxicos que se relacionan coa Área de Comunicación e Representación da Realidade.

Os contidos desta área han de ser tratados mediante actividades que provoquen a curiosidade e o asombro, característicos destas idades, e capaces de xerar unha motivación intrínseca que suscite o seu interese. Propoñendo actividades iniciais provocadoras, actividades de desenvolvemento constructivistas e un produto final reflexo da construción individual da propia aprendizaxe.

Para o desenvolvemento das mesmas, combinamos o traballo individual, o pequeno grupo, priorizando o traballo colaborativo e cooperativo, e o gran grupo.

Pero un dos aspectos que definen a nosa identidade como CRA é a aposta por actividades de agrupamento internivelar, que promova a aprendizaxe entre iguais, a colaboración e o respecto polas demais persoas.

Deste xeito os espazos son estruturados en ambientes, zonas e recantos nos que prima a experimentación, a manipulación o pensamento crítico e a iniciación no método científico.

Cómpre que o alumnado habite espazos onde exercer a oralidade con soltura e confianza e onde se acheguen á literatura e á lingua escrita de xeito constructivista. Así pois, crear espazos de pertenza, ricos en afectos, que promovan a iniciativa persoal para a comunicación en diferentes linguaxes é unha das ferramentas que permitirán ao noso alumnado acadar as capacidades e habilidades propias desta área.

Temos moi presente a importancia dos espazos exteriores é por isto que, alén do aproveitamento dos espazos do centro, neste curso primaremos as saídas ao exterior que permitan acumular experiencias de aprendizaxe para poder expresalas en diferentes contextos con vocabulario novo e variado e promovendo o contacto coa contorna cultural.

Facer estas actividades conxuntas entre as escolas, ten entre os seus fins reforzar o espírito de unidade, o sentimento de escola e a convivencia, como parte dos nosos principios como CRA, dada a situación de dispersión na que se atopan as escolas.

Comezando sempre dende o coñecido, do concreto e do máis familiar, poderemos ir ampliando as súas experiencias comunicativas mediante técnicas artísticas, uso de contos, poesías, rimas, dramatizacións e xogos corporais e musicais que conectan cos seus intereses e emocións.

Tamén valéndonos deste tipo de actividades poderemos axudarlles a transferir dunhas linguaxes a outras e incluso facilitar a aproximación a outras linguas e códigos lingüísticos do mundo global que os rodea e da diversidade existente ao noso arredor (braile, lingua de signos, etc).

Outras propostas como minimundos, as bandexas sensoriais e as rutinas propias de cada aula son exemplos de como os materiais e elementos naturais non estruturados se convirten en ferramenta educativa significativa e libre de estereotipos.

Isto sen entrar en contradición co uso de ferramentas STEAM, facilitadoras do pensamento computacional, lóxico e científico coas que promovemos a cooperación, as actitudes de respecto e a coeducación na nosa aula, e as tecnoloxías como fonte de información e investigación.

A planificación das Unidades didácticas, entendidas como secuencias de aprendizaxe de actividades interconectadas e secuenciadas do máis simple ao máis complexo, ten en conta o Diseño Universal da Aprendizaxe. Deste modo, coa flexibilidade de tempos espazos e dificultade, poden ser desenvolvidas por alumnado con características psicoevolutivas diferentes, aplicables a diversos ritmos de aprendizaxe e intereses variados, dentro da heteroxeneidade propia do alumnado.

Unha das características que define a esta metodoloxía é a promoción de relacións fluídas e continuadas coas familias, o que permitirá unificar criterios e pautas de actuación entres as persoas adultas que interveñen na educación do alumnado.

Tamén fomentamos a presenza e participación das familias nun proceso de colaboración activa.

Xa por último cabe destacar que este modelo metodolóxico está impregnado dos aspectos propios da educación emocional. Procurar o equilibrio psico-emocional do alumnado, crear ambientes afectivamente significativos, que prime a empatía sobre o individualismo ou identificar e xestionar emocións propias e alleas desde o respecto e a comprensión son os ingredientes desta programación cos que o alumnado pode adquirir as habilidades precisas para o seu desenvolvemento integral.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, proxector, conexión a internet, robots (beebot, mouse e doc), reproductor musical
Material funxible: convencional: folios, pinturas, rotuladores, ceras, etc e de refugallo: tapóns, cartóns, envases, corchos, carretes e rolos de papel.
Material sensorial: mesa de luz, bandexas sensoriais (area, fariña, arroz...)
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes, kamisibai, monicreques, pequeno teatro, etc.
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, xogos de equilibrio, picas, etc

Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Recursos humanos: alumnado, persoal docente e non docente, familias e calquera persoa que interveña na vida do centro: visitas, talleres, contacontos, etc.
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, bosque, etc)
Instrumentos musicais.
Xogos de mesa

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Entendemos a avaliación inicial como proceso educativo que nos permite a planificación da nosa intervención a partires da análise, tanto do momento de desenvolvemento individual do alumnado como das necesidades do grupo. Nas primeiras semanas do curso levarase a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o periodo de adaptación, teranse en conta información obtida durante este periodo, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade ou aspecto concreto segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención á finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades e colaboración; e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar a aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propondo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal.		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.					X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Alimentación e estilos de vida saudable	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Grupos interactivos	Ao longo do curso poderá vir un familiar do alumnado a realizar actividades en grupos interactivos	X	X	X
Saída de campo.	Durante este curso faremos saídas para afondar no traballo de aula (limpeza de praia, bautismo de mar , visita ao acuario)	X	X	
Obradoiros	Realizados polo concello ou outras entidades para traballar a educación en valores, achegamento á nosa cultura, etc.			X
Proxectos medioambientais	Participando no programa Edusostibilidade .	X	X	X
Conmemoracións e festas	Samaín, Nadal,día da Paz, Entroido, Letras Galegas, etc.	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para gozar un día de praia			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Temporalización de actividades adecuada.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados